


As xeracións do Montserrat

Memoria emocional da emigración galega ao Reino Unido



AS XERACIÓNS
DO Memoria emocional da emigración galega ao Reino Unido
MONTSERRAT





← ↑ Partida da Coruña cara ao Reino Unido no Montserrat, no que aparecen María Jesús e Tito Boo Añón, sinalados cunha frecha, o 14 de setembro de 1968.

Unha exposición do Consello da Cultura Galega

coa colaboración da Xunta de Galicia

Comisariado e textos:

Xesús Fraga

Deseño expositivo, reproducións
fotográficas e catálogo:

Pepe Barro

Montaxe e transporte:

Expo.gal

Coordinación de produción:

Emilia García López

Prestadores:

Abel Modesto Boo Añón, José Luis Couceiro Vicos, Isabel Fraga, Elena Gómez, Mary Gómez, Antonio Lois, Andrés Picado e Amelia Brea, Carlos Peña Alvear, Uxía Pérez Arcos e Ángeles Pérez Arcos, Montserrat Rodríguez e Manuel Hermida, familia de Tomás Rodríguez Mosquera, María José Rodríguez-Salgado, Lourdes Seijo e Esteban Gómez.

Autoridade Portuaria de Vigo, Consignataria Rubine, CRTVG, Exponav, familia de Alberto Martí, Fimoteca Española, Fimoteca de Galicia-CGAI, Mariluz Montes Quireza, Museu Marítim de Barcelona, El Rastro de Merce, Sociedad Estatal de Participaciones Industriales e La Voz de Galicia.

Impresión:

Andavira Editora S.L.

D. L.: C 2098-2023

ISBN 978-84-17802-59-2



AS XERACIÓNS

DO Memoria emocional da emigración galega ao Reino Unido

MONTSERRAT



APRIL, 1967

9 SUNDAY
2nd after Easter. ● New Moon

10 MONDAY

11 TUESDAY

12 WEDNESDAY

Hoy SALIMOS DE VACACIONE
PARA CARIÑO EN EL MONSERRAT

★
APRIL, 1967

13 THURSDAY

14 FRIDAY

HOY LLEGAMOS A CARIÑO ALAS
OCHO DE LA TARDE,

15 SATURDAY
s.r. 6.6, s.s. 7.56

NOTES Spring Holiday, 7 weeks from April 10

← A viaxe no Montserrat na axenda de 1967 de Pilar Arcos e Bernardo Pérez, emigrantes de Cariño.



PRESENTACIÓN

Non é a primeira vez que o Consello da Cultura Galega promove unha exposición para contar a propios e alleos a epopea da migración galega. De feito, no marco do mandato xeral da «defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego», a nosa liña de exposicións, que xa vai pola trintena, comezou precisamente coas de temática migratoria, tomando asuntos e perfís moi diferentes entre si: a memoria gráfica dos centros educativos cubanos (1998); a misión de frei Rosendo Salvado, «o bispo dos sen alma», no ano do centenario da súa morte (2000); ou a migración temporánea de Galicia ás segas en Castela (2002). A mención de Rosendo Salvado, ao que lle dedicamos dúas mostras (2000 e 2014), abonda para probar que non só nos convoca a emigración no sentido máis común do termo, pois a epopea dos galegos que abandonaron os seus fogares, para desempeñar actividades en lugares afastados, alcanza motivos e épocas moi diferentes; por exemplo, dedicamos *Inventio Mundi* (2019) á participación dos navegantes galegos nas grandes exploracións oceánicas nos inicios da Idade Moderna, ao servizo das coroas de Castela e de Portugal.

Neste rumbo expositivo Ocupámonos moito das Américas, cun protagonismo especial da emigración económica e do exilio político en Cuba e no Río da Prata, tamén nos Estados Unidos. Mostramos a viaxe nos seus momentos máis emotivos, *Os adeuses* (2010) e logo

← Andrés Picado, á esquerda,
cun compañeiro en
Trafalgar Square, Londres, cara a 1960.

As benvidas, acollidos en destino (2019); a realidade impresionante do asociacionismo galego na emigración, que a converte nun fenómeno excepcional (*Nós mesmos*, 2011); ou a Galicia imaxinada nas preciosas revistas fundadas no desterro americano cos ollos postos na Terra (2016). Salientamos a importancia dunha voz singular da diplomacia cultural galega, a de Valentín Paz-Andrade, «*uma antena galega no Brasil*» (2012), ou o papel determinante dun artista e axente cultural que, participando das dúas culturas, uniu de xeito indisoluble as Galicias de aquí e alén mar, Luís Seoane (2022). Evocamos, a través de *O soño cubano* (2019), os de moitas xeracións de galegos e galegas que cruzaron o mar con diversos destinos para facer as Américas. Procuramos mostrar e reivindicar na nosa terra a contribución da emigración galega á construción da Galicia contemporánea, pois nada sería igual sen eles e elas; ademais das mostras anteriores, contribúe nesta liña *Luces de alén mar*, que dende 2012 segue a mostrar ese feito extraordinario da creación de centenas de escolas sufragadas polos «americanos» que, nas primeiras décadas do século XX, mudaron a faciana educativa de Galicia.

As xeracións do Montserrat. Memoria emocional da emigración galega ao Reino Unido é a primeira mostra dedicada especificamente á emigración europea. A mediados do século XX mudaron os destinos en América, pero sobre todo abríronse coma nunca antes o fixeran os destinos europeos; o proceso circular producido pola interacción e a hibridación cultural é semellante, pero os ventos de cambio que sempre trae

o retorno da emigración foron outros (outras ideas, outras modas, outras músicas, outros costumes, outros aires de apertura...).

Inaugurámola en 2023, no ano en que o Consello da Cultura Galega conmemorou o seu 40º aniversario. Un motivo máis de celebración, pois este é un proxecto longamente acariñado pola institución —anterior á pandemia!—, a partir da idea inicial do Arquivo da Emigración Galega, do que é membro o comisario Xesús Fraga; lembro, tamén de forma gozosa, que a súa novela *Virtudes (e misterios)*, que contribúe de xeito exemplar a rescatar esa memoria emocional, recibiu o Premio Eduardo Blanco-Amor (2019) e o Premio Nacional de Narrativa (2021). Seguimos tecendo motivos de celebración, pois esta exposición foi deseñada por Pepe Barro, que nos acompaña unha vez máis e festexa connosco os seus 50 anos de innovación no deseño e de dedicación a mostrar a cultura galega.

Nada sería posible sen a xenerosa contribución de persoas e entidades que prestaron pezas e parte da súa intimidade para esta presentación pública. Esperamos que disfruten deste catálogo, como o fixeron durante a exposición; e, sobre todo, que se sintan estimados e dignamente representados os e as protagonistas de tantas historias de vida coma as que aquí se contan a retallos, parte dese case cuarto de millón de galegas e galegos que emigraron ao Reino Unido entre 1960 e o ano da morte de Franco.

ROSARIO ÁLVAREZ

Presidenta do Consello da Cultura Galega



PRESENTACIÓN

Esta exposición é un testemuño vivo do legado e do espírito inquebrantable da nosa xente, das persoas que, cargadas de soños e esperanzas, cruzaron mares e fronteiras en busca dun futuro mellor. *As xeracións do Montserrat* non só nos fala das viaxes realizadas, senón tamén da fortaleza, a valentía e a determinación que definen o pobo galego.

Esta mostra ofrécenos unha visión íntima e emocionante das historias da emigración galega ao Reino Unido. Estas narrativas non só forman parte da nosa historia común; son tamén un recordo do que podemos acadar cando traballamos xuntos, superando os desafíos coa esperanza e a solidariedade que nos caracterizan.

A emigración galega, marcada por unha historia de loita e superación, representa unha páxina vital na conformación da nosa identidade colectiva. No século XIX e principios do XX, miles de galegos e galegas, enfrontándose a unha realidade de escasas oportunidades e dificultades económicas, decidiron emprender unha viaxe cara ao descoñecido. Armados con pouco máis que a súa fortaleza de espírito e un profundo anhelo de prosperidade, estes valentes emigrantes asentáronse en terras estranxeiras, levando consigo a riqueza da súa cultura, a súa lingua e as súas tradicións. A súa

← Reparacións do Montserrat
en ASTANO, Fene, en 1959 e 1960.
Cortesía de Exponav.

contribución ao desenvolvemento da nosa comunidade e das comunidades en que se integraron é un legado imborrable, que hoxe celebramos con orgullo e gratitude.

As xeracións do Montserrat tamén nos remite á importancia de manter viva a memoria dos nosos antepasados, recoñecendo os seus sacrificios e os seus logros. A través das súas historias, somos testemuñas do impacto profundo que tivo a emigración galega non só no destino dos individuos e das súas familias, senón tamén no tecido social e cultural dos países de acollida. Esta exposición é, pois, unha homenaxe á resiliencia e ao espírito inquebrantable dun pobo que, a pesar das adversidades, soubo abrirse camiño no mundo e enriquecer coa súa presenza as múltiples sociedades en que se integrou. Este é un recordo poderoso de que, independentemente das circunstancias, a esperanza, a determinación e a unidade poden levarnos a superar os obstáculos máis difíciles.

Invito a cada un de vós a explorar esta exposición e a deixarse levar polas emocións e as historias que habitan entre as súas pezas. Que esta mostra sirva como un lembranza do noso pasado común e como inspiración para seguir construíndo un futuro cheo de oportunidades para as xeracións vindeiras.

ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA
Secretario xeral de Emigración da Xunta de Galicia

→ Embarque de pasaxeiros no porto de Vigo, reportaxe de Estudios Tomás, arredor de 1950. Arquivo Xeral do Porto de Vigo. Cortesía da Autoridade Portuaria de Vigo.





Antonia
e José Luis





#14 che

50'00
35'00
135'00
45'00
100'00
25'00
100'00
45'00
40'00
30'00
166'00
45'00
40'00
190'00
670'00
180'00
23'00

1,955'50

INTRODUCCIÓN

Unha metáfora das migracións galegas á Europa de posguerra

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS

Coordinador do Arquivo da Emigración Galega
e vicepresidente do Consello da Cultura Galega

As migracións galegas a Europa son aínda un aspecto pouco coñecido e pescudado dentro da ampla bibliografía que se ocupou da reconstrución e análise das migracións galegas de media e longa distancia dende a Idade Moderna ata os nosos días. Quizais porque foron nubradas pola visibilidade e o impacto público, e mesmo pola compoñente épica e asemade lírica, das migracións ás Américas, tanto durante a época colonial como durante o tempo das migracións de masas (1880-1930) con destino principal a Cuba, A Arxentina, O Brasil e O Uruguai. Tamén os desprazamentos cara a Europa na primeira metade do século XX palidecían perante a dimensión americana do exilio galego de posguerra e da segunda grande vaga das migracións galaicas a países como Venezuela, O Brasil e A Arxentina dende 1946, que perduraría ata comezos da década de 1970; nesa etapa salientaría polo seu exotismo

← Suma dos gastos da primeira viaxe ao Reino Unido de José Luis Couceiro Vicos, en 1959. Non se inclúe o custo da pasaxe.

as minoritarias correntes dirixidas cara ao Canadá, Australia e mesmo Guinea Ecuatorial. Sen dúbida, outras das razóns polas que as migracións a Europa foron menos atendidas polos estudos migratorios foron o feito de que nelas había poucos exilados e creadores, e que a Historia sempre olla mal de preto. Faltaba unha certa distancia a respecto dunhas migracións aínda próximas no tempo, cuxas consecuencias económicas, demográficas, sociais e culturais aínda son apalpábeis en varias bisbarras de Galicia entrado o século XXI, cando unha nova vaga de migrantes económicos, agora moi cualificados, tamén se despraza alén dos Pireneos na procura de mellores oportunidades vitais e laborais, e novos inmigrantes chegan ao noso país.

Non é este o lugar para detallar a relevancia das migracións ultrapirenaicas dentro dos diversos ciclos da emigración galega de media e longa distancia. Abonde mentar que xa dende a Idade Moderna se rexistraron desprazamentos estacionais de telleiros, canteiros e outros oficios itinerantes a Francia e Europa central, con orixe en áreas como a Terra de Montes. Pódese tamén sinalar que exilados liberais galegos houbo que se refuxiaron en Londres e outras capitais europeas durante o primeiro terzo do século XIX. E que, aínda que en contía moi inferior á das saídas cara ás Américas, tamén houbo algúns emigrantes galegos na Francia anterior á I Guerra Mundial, ben como mariñeiros da Costa da Morte ou das Mariñas que foron traballar a Liverpool ou Gales para, dende alí, dar o salto posterior aos Estados Unidos. Igualmente, dentro dos varios milleiros de exilados galaicos da Guerra Civil de 1936-1939, houbo quen non puido refuxiarse nas Américas e ficou en terras francesas; e centos de traballadores voluntarios galegos

saíron cara á Alemaña nazi entre 1941 e 1942, procedentes na súa maioría de Vigo e as bisbarras achegadas. Algúns permaneceron no país ou voltaron após 1955 como migrantes económicos na posguerra dos *trinta anos gloriosos*.

Con todo, a vaga sobranceira das migracións galegas a Europa occidental, tanto cara a Francia como cara a Suíza, Alemaña occidental, O Reino Unido e Os Países Baixos, produciuse a partires de mediados da década de 1950 e aumentou de xeito considerábel na década de 1960. Era unha corrente máis serodia que as saídas cara a América na posguerra, e que nun comezo estaba estritamente regulada por acordos e convenios bilaterais. Porén, moi axiña as redes sociais teceron a súa propia dinámica á marxe dos intercambios regulados, uns migrantes turraron dos outros e crearon así cadeas migratorias. Con iso, as migracións cara a Europa colleron paseniño o relevo dos destinos transoceánicos, ultrapasándoos: nunha mesma freguesía, os avós migraran a Cuba ou A Arxentina, os pais a Venezuela e os fillos ou irmáns menores a Suíza. As vantaxes dos destinos europeos eran evidentes: bos salarios, menor distancia e posibilidade de volver ao país todos os anos en visitas curtas ou nas vacacións e, por tanto, de deixar a prole ao coidado dos parentes.

Tratouse ademais dunha migración con características sociolaborais diferentes. Nutríase igualmente de labregos e persoas de baixa cualificación laboral, como nas épocas das migracións masivas a América; mais nos países de destino atopaban agora un nicho laboral maioritario na industria —automobilística, metalúrxica, téxtil...— e nos chanzos inferiores do sector servizos —as paradigmáticas porteiras

parisienses, por exemplo— das economías europeas en expansión, nos que competían con italianos, iugoslavos, turcos e portugueses. Aos diferenciais de salarios, que permitían acugular aforros en pouco tempo e investilos en propiedades e bens de consumo na propia Galicia, uníase agora o desfrute dos servizos do estado de benestar europeo, dende vacacións pagas a seguros de enfermidade e desemprego, pasando pola posibilidade de educar a xeración dos fillos nos sistemas de ensino público alemán ou francés. Finalmente, moitos traballadores e traballadoras de Galicia coñeceron e experimentaron nos seus novos destinos as linguaxes da liberdade sindical, política e cultural que lles estaban vedadas na España franquista, unha experiencia que tamén poderían aplicar de volta na súa terra de orixe.

A grande maioría das migracións galegas a Europa tiveron como medio de transporte o tren, ben como o autobús. Máis tarde chegarían os *suízos* de vacacións nos seus propios vehículos, como noutrora viñeran nos seus *haigas* os retornados de Venezuela ou outros países. E mesmo o avión comezou a ser utilizado polos migrantes ás Américas e Europa dende mediados dos anos sesenta. Porén, algunhas migracións tamén foron por vía marítima, nomeadamente as dirixidas cara ao Reino Unido. Unha corrente abofé de dimensións apreciábeis, aínda relativamente minoritaria en comparanza co maior fluxo dirixido á Europa continental, mais de sobranceira relevancia nalgunhas áreas de Galicia, nomeadamente na costa norte coruñesa. As travesías marítimas cara a terras británicas xa non duraban semanas, como sesenta anos denantes cara ao Río da Prata. Mais deixaron igualmente unha fonda pegada nos seus protagonistas, e serviron de canle para os soños e

esperanzas de novas xeracións de migrantes que no novo destino, fose no bairro londiniense de Chelsea ou noutras zonas, atoparon traballo na industria e nos servizos, teceron redes e criaron familias galaico-británicas.

A través da metáfora da viaxe e da reconstrución de varias historias de vida, contadas con grande sutileza polo comisario da exposición, o xornalista e recoñecido escritor Xesús Fraga, el mesmo testemuña e protagonista da migración ao Reino Unido, *As xeracións do Montserrat* aspira a transmitir a vivencia dos propios migrantes. A viaxe, a chegada, a inserción sociolaboral, as eivas co idioma e cunha nova cultura, as relacións coa sociedade de acollida, os novos patróns de consumo e de ocio, os contrastes e hibridacións entre a cultura de orixe e os novos aportes da sociedade británica, e as ledicias e incertezas do retorno.

A exposición achéganos aos obxectos, fotos, escritos e recordos de persoas de carne e óso que doaron os seus íntimos tesouros, a chave das súas memorias familiares, que constitúen a seiva nutricia desta exposición. Unha perspectiva dende abaixo e multidimensional que non só nos achega datos biográficos e percorridos profesionais, senón que sobre todo nos fai sentir as emocións, as esperanzas, os desencantos, as ledicias e os amargueiros dunha travesía non só marítima, senón vital. É dende esa dimensión, a reconstrución das lóxicas emocionais e das experiencias dos protagonistas da migración, que podemos e debemos xulgar as imaxes, obxectos e historias aquí recollidos. E que nos lembran, en fin, que a historia xeral dunha comunidade non é senón unha árbore de moitas historias, paralelas e asemade entrefebradas, como o están todas as que aquí se expoñen.

O Montserrat e o Begoña

Turbonaves da Compañía Trasatlántica Española

Montserrat: 1957-1973.

Begoña: 1957-1974.


O Montserrat e o Begoña entraron ao servizo da Compañía Trasatlántica Española en 1957. Compraron ambos os buques á navieira italiana Sitmar, que á súa vez os adquirira nos Estados Unidos ao remate da Segunda Guerra Mundial. Antes de chamarse Begoña, o barco fora bautizado como Castel Bianco, e antes diso, cando saíu dos estaleiros de Baltimore en 1945, era coñecido como Vassar Victory. De transportar de volta á casa as tropas norteamericanas que combateran en Europa, pasou a levar emigrantes a América, para o que Sitmar lle fixera unha reforma en profundidade.

Tamén a Trasatlántica, ao adquirilo en 1957, lle fixo outra reforma. Naquel tempo eran moitos os emigrantes que buscaban o seu futuro en Venezuela, polo que o porto de La Guaira era un dos seus destinos principais. Pero axiña a economía global fixo

↓ Camarote, bar e comedor a bordo.





↓ Cartón postal promocional da turbonave Begoña, editado pola Compañía Trasatlántica Española.



← Ruta triangular máis común do Montserrat e do Begoña. Ademais das viaxes ao Reino Unido, tamén levaron a emigración galega a Venezuela.

O Montserrat e o Begoña

↓ ↘ Cartón postal promocional da turbonave Montserrat, etiquetas da equipaxe da Compañía Trasatlántica Española, tamén chamada The Spanish Line no Reino Unido, e «cartera para emigrante». Colección particular.



↓ ↙ Capa e primeiras páxinas dun *Manual de conversación inglés-español*, editado en 1963 por Ediciones Celta, de Lugo. O libro comeza pola conversa «A bordo». Colección particular.



que variase o rumbo e durante a década seguinte boa parte da pasaxe miraba non a América, senón a Europa, en concreto ao Reino Unido. Durante este decenio, o Begoña e o Montserrat, que tamén fora construído como buque de transporte militar nos Estados Unidos, foron unha presenza habitual en Vigo e na Coruña. A prensa informaba das súas chegadas e partidas, como tamén de diversos sucesos que afectaban ás súas travesías.

Por exemplo, o médico do Montserrat salvoulle a vida a un mariñeiro italiano ao operalo de urxencia dunha peritonite: ambos os barcos desviaron o seu rumbo para coincidir no océano e facilitar a intervención. Doutra vez, o Montserrat foi protagonista por culpa dun incendio que se declarou na zona de caldeiras. Cando a década dos sesenta deu paso á dos setenta, as noticias daban conta tamén de que cada vez eran menos os emigrantes que viaxan nestes barcos.

Ao cabo, a prensa informou do inevitable, a liquidación e despezoamento do Montserrat en 1973 e do Begoña a finais de 1974. A emigración continuaba, pero xa noutros medios de transporte, como os voos chárter. O Begoña e Montserrat eran xa definitivamente historia. ♦

O Montserrat e o Begoña

→ Antigo uniforme
da mariñeiría
da Compañía
Trasatlántica
Española.
Colección
particular.






COMPAÑIA TRASATLANTICA ESPAÑOLA, S. A.




T/N MONTSERRAT

PLANO DE
ACOMODACION DEL PASAJE


CUBIERTA DE BOTES




CUBIERTA DE PASAJE



CUBIERTA "A"



CUBIERTA "B"



O Montserrat e o Begoña




↑ ↓ Expuxéronse catro baúis de emigrantes que viaxaron nos barcos da Compañía Transatlántica Española.
Cortesía de El Rastro de Merce.



→ Embarque de pasaxeiros no porto de Vigo, reportaxe de Estudios Tomás, arredor de 1950. Arquivo Xeral do Porto de Vigo. Cortesía da Autoridade Portuaria de Vigo.







← Proxección dun fragmento do filme *Sempre Xonxa* de Chano Piñeiro, estreado en 1989, que recrea escenas do embarque de emigrantes na Estación Marítima de Vigo nos primeiros anos 60. Moitas escenas están tiradas das históricas fotos do embarque de emigrantes de 1957, realizadas na Coruña por Manuel Ferrol, que aparece no filme facendo de si mesmo. Cortesía de Mariluz Montes Quireza e da CRTVG.




→ Proxección de escenas dun embarque de pasaxeiros no porto de Vigo, filmación aparecida no NO-DO, número 930, ano 1961. Cortesía da Filмотeca de Galicia-CGAI.








CALIDAD	PROYECTO	DESCRIPCION DE	
DISEÑO	FECHA	ESTADO DE EJECUCION	
DISEÑO	1:200		
DISEÑADOR <i>J. B.</i> P. B.	TURBONAVE "MONTSERRAT"		PLANO N.º RB-5804
DISPOSICION GENERAL PERFIL			ESCALA N.º DE HOJAS 1 9
DESCRIPCION DE DEL PROYECTO			ESCALA N.º DE HOJAS DESCRIPCION DE




CUB. DE BOTES
 CUB. PASAJE
 CUBIERTA "A"
 CUBIERTA "B"

CALIDAD	PROYECTO	DESCRIPCION DE	
DISEÑO	FECHA	ESTADO DE EJECUCION	
DISEÑO	1:200		
DISEÑADOR <i>J. B.</i> P. B.	TURBONAVE "MONTSERRAT"		PLANO N.º RB-5804
DISPOSICION GENERAL DIAMETRAL			ESCALA N.º DE HOJAS 2 9
DESCRIPCION DE DEL PROYECTO			ESCALA N.º DE HOJAS DESCRIPCION DE

→ ↘ Planos do Montserrat elaborados en Astano para reparacións. Cortesía de Exponav.






CAMAROTES PARA PASAJEROS DE II CLASE UNIDA
 12 CAMAROTES DE 2 PERSONAS CON ASIENTO PRIVADO - 24 PERSONAS
 16 CAMAROTES DE 4 PERSONAS CON ASIENTO PRIVADO - 64
 2 CAMAROTES DE 6 PERSONAS CON ASIENTO PRIVADO - 12
 7 CAMAROTES DE 8 PERSONAS CON ASIENTO PRIVADO - 56
 27 CAMAROTES DE 8 PERSONAS CON ASIENTO PRIVADO - 216
 67 CAMAROTES 224 PERSONAS

CAMAROTES PARA PASAJEROS DE III CLASE
 2 CAMAROTES DE 1 PERSONA CON ASIENTO PRIVADO - 2 PERSONAS

CONSTRUIDO EN	PAIS		
ARMADOR	ESTADAL		
	ESCALA	1:200	
COMANDO EN JEFE	TURBONAVE "MONTSERRAT"		CLASE N.º
			RB-5804
			ESTADAL
			6 9
			ESTADAL
			ESTADAL

DISPOSICION GENERAL
CUBIERTA PASAJEROS




CAMAROTES PARA PASAJEROS DE III CLASE
 2 CAMAROTES DE 2 PERSONAS CON ASIENTO PRIVADO - 4 PERSONAS
 4 CAMAROTES DE 4 PERSONAS CON ASIENTO PRIVADO - 16
 6 CAMAROTES DE 6 PERSONAS CON ASIENTO PRIVADO - 36
 11 CAMAROTES DE 8 PERSONAS CON ASIENTO PRIVADO - 88
 21 CAMAROTES DE 8 PERSONAS CON ASIENTO PRIVADO - 168
 67 CAMAROTES 224 PERSONAS

CONSTRUIDO EN	PAIS		
ARMADOR	ESTADAL		
	ESCALA	1:200	
COMANDO EN JEFE	TURBONAVE "MONTSERRAT"		CLASE N.º
			RB-5804
			ESTADAL
			7 9
			ESTADAL
			ESTADAL

DISPOSICION GENERAL
CUBIERTA "A"







← Isabel Sánchez e a súa nai, Virtudes Edreira, na cuberta do Montserrat, a carón dos botes salvavidas.

O Montserrat e o Begoña

O Montserrat e o Begoña



↑ Antonio Lois, á dereita,
con outros compañeiros
na súa primeira viaxe en 1964.

↗ → Bernardo e Pilar
na viaxe de volta nunhas
vacacións, fotografados coa
súa cámara acabada de mercar.





↑ Á dereita, Mía e a súa irmá pequena chegando á Coruña no barco.



↑ Josefa Salgado, nai de Mía, fotografada a bordo, nalgunha das súas viaxes

↓ Montse fotografada a bordo, na súa primeira viaxe de ida, en 1962. Abaixo con outra compañeira de viaxe.



Rubine

Consignataria Rubine dende 1876

Fundada na Coruña por Fernando Rubine, a compañía é unha das máis veteranas do negocio marítimo e testemuña dos movementos migratorios, dende a partida masiva a América a finais do século XIX e principios e mediados do XX ata as travesías dos emigrantes que partían aos portos británicos na década dos 60 nos buques da Mala Real Inglesa —Royal Mail— e a Compañía Trasatlántica Española. Na actualidade, con Luis del Moral ao temón, segue no porto da Coruña para xestionar transportes de mercadorías ou a chegada de cruceiros.

➔ ➔ Calendario do ano 1927, promoción da Compañía Trasatlántica Española, e acreditación da Royal Mail Lines a Rubine como consignataria, 1932.





↑ Planos do porto da Coruña en 1962 e 1963, procedentes de anuarios da Junta de Obras del Puerto. Cortesía da Consignataria Rubine.

PLANO GENERAL
DEL PUERTO
DE LA CORUÑA

AÑO 1968

ESCALA 1:5000



↖ ↗ Os círculos
brancos sinalan o lugar
da antiga Estación
Marítima e peirao de
atraque do Montserrat,
o Begoña e outros
barcos de pasaxe.

Carlos

Capitán do Montserrat entre 1968 e 1974

En paralelo aos seus estudos de Náutica, Carlos Peña Alvear iniciou unha duradeira relación coa Compañía Trasatlántica Española. O primeiro buque en que embarcou foi o correo Guadalupe e a partir de aquí, xa como capitán, chegou a ter ao seu mando ata catorce buques. Entre eles figuran o Montserrat e o Begoña, os dous grandes nomes vinculados á emigración galega —e tamén á canaria—, primeiro a América Latina e despois a Inglaterra.

Carlos naceu en Santander, á beira do mar que tantas veces sucaría na compañía de mariñeiros galegos, para el, a mellor tripulación posible. Xa retirado dos seus labores de capitán, escribiría varios libros, un deles de carácter memorialístico, *Historias de barcos de la Compañía Trasatlántica*. Neste volume queda patente a súa admiración polo persoal galego dos barcos, e como o factor humano compensaba as eivas materiais daqueles buques que naceran para a mariña de guerra norteamericana, que xa unha navieira italiana dera por obsoletos a mediados dos anos 50 e que necesitaban reparacións e unha importante posta ao día.

↓ Carlos Peña nun acto social a bordo do Montserrat.



→ Compás de navegación e carta náutica do capitán Carlos Peña.



← O Begoña nunha foto promocional da Compañía Trasatlántica, conservada polo capitán Peña.



→ O Montserrat e o Begoña encóntranse no medio do Atlántico, foto conservada por Carlos Peña.



↓ O Begoña atracado diante da desaparecida estación marítima da Coruña. Fotografía distribuída polo Porto da Coruña, cedida por Carlos Peña.





↑ Libro publicado polo capitán Carlos Peña en 2010.



↑ Pormenor da insignia de capitán na pucha de Carlos Peña Alvear.

Como capitán do Begoña, Carlos sufriu esas condicións que non fixeron máis que empeorar con cada nova viaxe e a urxencia dun mantemento que non chegaba. Tanto foi así que xa nos anos 70 quedou á deriva no Caribe por unha avaría, cunha pasaxe de máis dun milleiro de persoas a bordo. Cando por fin chegou a Vigo, Carlos colleu un taxi e presentouse nas oficinas da Trasatlántica para explicar que aquela fora a derradeira travesía do Begoña. Pero xa estaba vendida unha nova viaxe. Negouse a comandalo. Mesmo así, dende a casa, seguía a evolución do barco. De noite esperabáno os pesadelos: «Aos botes! Afundímonos», berraba en soños. Ben se ve o que é un barco para o seu capitán. As avarías volveron danar o Begoña, que en 1975 foi levado a Castelló para o seu despezamento, un destino no que o precedera o seu xemelgo Montserrat, este si, paradoxalmente, acabado de reformar.

Un final triste e inxusto para uns barcos que xa eran parte da memoria emocional de varias xeracións de emigrantes. ♦

Tomás

Oficial de máquina embarcado entre 1968 e 1974

Como xefe de máquinas levou o Montserrat ao centro de despezamento en 1973

A pasaxe de barcos como o Montserrat e o Begoña repartíase entre emigrantes de procedencias diversas: estaban os caribeños de illas como Xamaica ou Trinidad e Tobago, os canarios e os galegos. Pero non só os emigrantes eran galegos. Boa parte do persoal a bordo era tamén de Galicia.

Mariñeiros, camareiros, cocineiros, médicos e oficiais procedían de vilas e cidades galegas.

Un dos que mellor coñeceron estes barcos foi Tomás Rodríguez Mosquera. Natural de Ferrol, formado na Escola de Náutica da Coruña, a súa vida profesional estivo ligada á Compañía Trasatlántica Española. Como recolle a súa folla de servizos na Mariña Mercante, o 2 de marzo de 1968 subiu como alumno de máquinas no Coromoto, ao que habería de volver cinco anos máis tarde convertido xa en primeiro oficial. Nese lustro, Tomás tamén foi alumno en prácticas no Begoña, así como segundo e primeiro oficial do Montserrat.

A el correspondeulle un privilexio triste, o de acompañar o Montserrat na súa derradeira viaxe. Embarcou o 18 de novembro de 1972 no porto de

↓ → Tomás Rodríguez Mosquera, coa súa promoción da Escola de Náutica da Coruña.







↔ ↑ ↗ →

Lembranzas das viaxes do oficial de máquinas Tomás Rodríguez Mosquera.





↓ Vista cenital da maqueta da turbonave Montserrat. Na exposición mostráronse tamén as maquetas das turbonaves Begoña e Virginia Churruca Valencia. Sociedad Española de Participaciones Industriales.





Firma del titolare
Signature du (de la) Titulaire
Signature of Holder
Unterschrift des Passinhabers

Autenticazione della firma





...ido hasta el 31-XII-19...
...id until



...alido hasta el 31-XII-19...




Brea Cortés



...ido hasta el 31-XII-19... 77



De esquerda a dereita e de arriba abaixo: Isabel Sánchez, Tito Fraga, Elena Gómez, Montserrat Rodríguez, Manuel Hermida, Mary Gómez, Antonio Lois, María Luisa Amor, Lourdes Seijo, Manuel Gómez, Amelia Brea, Andrés Picado, Mía (María José Rodríguez), Bernardo Pérez, Pilar Arcos, Tito Boo, José Luis Couceiro.



MPAÑA
ICA ESPAÑOLA S. A.

NTSEPRAT

Sabin Equ
B GA

IGC



← Na páxina anterior: baúl de Mercedes Gabín, que viaxou no Montserrat a Vigo. Cortesía de El Rastro de Merce.





← A primeira libra que gañou Pilar Arcos, anotada, asinada e gardada por ela.

Isabel

Estadías en Londres: 1963-1966 e 1970-1976

En 1970 casa co seu mozo betanceiro e volven xuntos a Londres.

Con apenas 19 anos, Isabel Sánchez seguiu mansamente o mandado da nai de sumarse a ela na emigración en Londres. Virtudes marchara dende Betanzos pouco antes, axexada pola necesidade ao ver como non lle daban os cartos que apañaba nos seus diversos traballos para manter tres fillas. Isabel nunca viaxara ao estranxeiro: unha vez estivera a piques pero a excursión a Fátima dera a volta antes de entrar en Portugal por enfermidade dun dos viaxeiros.

Tampouco viaxara en barco. Non é de estrañar que botase practicamente toda a travesía mareada no camarote, mentres a nai lle levaba algo de sustento do comedor. Ela xa coñecía o Montserrat de ocasións anteriores e xa aprendera a manexarse, mal que ben, naquel país con outros costumes, outra lingua, outros cartos. Consequira praza como doméstica nunha residencia para enfermeiras, onde cociñaba, limpaba e lavaba para elas. Pero mentres non houbera unha vacante, a filla tería que vivir e traballar nun convento, non moi lonxe da residencia.

Isabel tamén limpaba e lavaba. Coidaba dunha anciá, a condesa de Torre Díaz. Dáballe conversa e mercáballe



↑ En 1963, con 19 anos, Isabel acompaña a nai no Montserrat de volta a Inglaterra, converténdose ela tamén en emigrante.






↑ Cartón de parabéns a Isabel polo seu 21 aniversario da súa nai Virtudes, 1965.

With all
Good Wishes
on this Great Day!
Con Mucha Cariño de tu Mache
Felice cumpleaños Espero que lo
pasen bien Mucha Suerte Buenos
Virtudes

↓ O primeiro emprego de Isabel foi como doméstica interna nun convento no que tamén vivían mulleres anciás.



← No convento, a rapaza coida da condessa de Torres Díaz, que lle regala este libro de Kempis en agradecemento.



A Isabelita muy
carinosamente


La Condessa de
Torre Diaz



↑ Máquina de escribir mercada por Isabel en Londres cos seus aforros, cando fixo 21 anos.

Isabel

→ Isabel compaxina os seus traballos con clases nocturnas de inglés.



↑ En 1970, Isabel viaxa embarazada de poucas semanas a Inglaterra, sabendo que se descubren a súa condición non poderá entrar no país...

→ ... pero Isabel supera a inspección da aduana e, en 1971, nace Xesús, ou Tony, como é coñecido en Londres.

← En 1970 non se botou o Globo de Betanzos, pero Tito fixo un a escala e celebrou a festa en Inglaterra.





↑ Durante as súas estadias en Londres, Isabel traballa na limpeza de residencias e hospitais e, por último, fai a función de *housekeeper* dun predio.



flores frescas. En agradecemento, a aristócrata regaloulle o seu exemplar de *A imitación de Cristo*, un libro de Kempis. Podería pensarse que a rapaciña emigrante seguiría unha vocación de vida relixiosa. Mais a súa vocación era a do ensino. O seu soño era converterse en mestra, algo para o que a familia non tiña medios. Con moito esforzo ao principio, aprendeu inglés nunha academia mentres seguía traballando. Frecuentou as bibliotecas públicas, os museos gratuítos, os concertos ao aire libre nos parques: Londres revelouose como un paraíso cultural que lle ía permitir medrar espiritualmente.

Os cartos que gañaba entregáballos á nai para que ela os administrase. Cando Virtudes lle comentou que xa podía mercar algo para ela se quería, Isabel elixiu unha máquina de escribir, coa que sumou a mecanografía á súa aprendizaxe. O esforzo empezou a dar froitos e chegaron os primeiros diplomas que certificaban os seus progresos co idioma. Uns anos despois casou co seu mozo galego, Tito, e a súa vida londiniense entrou nunha nova fase, a de nai dun filliño, pero non deixou de traballar e de formarse: tan importante para ela era o patrimonio inmaterial como os aforros cos que haberían de regresar antes ou despois.

Seis anos máis tarde, de volta en Betanzos empezou a dar clases particulares no salón da casa: ao cabo, a emigración en Londres permitíralle converterse en mestra. ♦

SALIDA DE EMERGENCIA





La Montserriá y el Regoñas, dos clásicos del puerto

El Regoñas y la Montserriá son dos de los clásicos del puerto de San Sebastián. Ambas prendas son de gran calidad y se han convertido en símbolos de la moda local.

Isabel 30

El Regoñas y la Montserriá son dos de los clásicos del puerto de San Sebastián. Ambas prendas son de gran calidad y se han convertido en símbolos de la moda local.

El Regoñas es una chaqueta de lana que se caracteriza por su diseño sencillo y su gran calidad. La Montserriá es una blusa de seda que se caracteriza por su delicado estampado y su elegante corte.

Isabel 30 es una tienda de moda que ofrece una amplia selección de prendas de calidad. Puedes encontrar todo lo que necesitas para completar tu armario en Isabel 30.

Isabel 30
Calle de la Montserriá, 30
48901 San Sebastián (Gipuzkoa)

www.isabel30.com

Isabel 30

El Regoñas y la Montserriá son dos de los clásicos del puerto de San Sebastián. Ambas prendas son de gran calidad y se han convertido en símbolos de la moda local.

El Regoñas es una chaqueta de lana que se caracteriza por su diseño sencillo y su gran calidad. La Montserriá es una blusa de seda que se caracteriza por su delicado estampado y su elegante corte.

Isabel 30 es una tienda de moda que ofrece una amplia selección de prendas de calidad. Puedes encontrar todo lo que necesitas para completar tu armario en Isabel 30.

Isabel 30
Calle de la Montserriá, 30
48901 San Sebastián (Gipuzkoa)

www.isabel30.com

Elena


Estadía en Londres: 1964-1982

Casou co italiano Giuseppe Giardina e alá naceron os seus dous fillos.

Na emigración europea, e tamén na británica, foron moitas as mulleres que marcharon soas. Empezaron a viaxe sen tutelas familiares nin conxugais, dispostas a forxar un novo futuro por si mesmas. Cando fixo os 18, a Elena Gómez unha tía súa que xa estaba en Inglaterra convidouna a volver canda ela ao remate dunhas vacacións. Na casa non querían saber nada. Pero, ao cabo, accederon e Elena desprazouse por vez primeira de Coirós á Coruña para que lle expedisen un pasaporte.

Naquela altura, era moi pouco o que coñecían de Inglaterra: practicamente nada. Pero si sabían unha cousa: que chovía arreo. Por iso, a madriña de Elena mercoulle un chuvasqueiro, que formou parte da exigua equipaxe que cabía nunha maleta de cartón, sinal de identidade dos emigrantes, en oposición ás maletas de coiro dos que viaxaban por pracer, non por necesidade.

Algunhas desas mulleres que marcharon soas atoparon parella na emigración. Foi tamén o caso de Elena. Coñeceu a Giuseppe, emigrante coma



↑ Elena Gómez marchou en 1964, con apenas 18 anos. Este pasaporte é xa de 1978.



↑ Pasaporte de Giuseppe Giardina, emigrante italiano no Reino Unido, co que casa Elena en 1966.



← Pasaporte británico da súa filla Josephine, nacida en 1968.

↓ Elena Gómez e Giuseppe Giardina coñécense ao traballar xuntos no restaurante do High Pine Club, en Weybridge, no condado de Surrey.



← Moeda conmemorativa da voda do príncipe de Gales con Diana Spencer, 1981.



↗ A de Coirós namorou da vaixela Royal Albert; non era barata, pero foi na mercado prato a prato. Vaina herdar a súa filla.

→ ↘ Elena co traxe de noiva na porta da igrexa, en 1966, e telegrama de parabéns pola voda da familia italiana.



↗ Carné de conducir británico de Elena.






↑ Bandexa de porcelana Wedgwood, serie Cornucopia, mercada a principios dos anos 80.

↓ Remesas de diñeiro dende o Reino Unido. Co retorno a Betanzos, a parella abre o restaurante italiano Sinuessa.

ela, procedente de Sicilia. Xuntos traballaban nun club de campo ao sur de Londres, o High Pine Club, con restaurantes, bares, coidados xardíns e pistas de tenis. Decidiron compartir tamén as súas vidas. Casaron na igrexa da Santa Trindade. Tiveron unha filla e un fillo. Crearon un fogar que foron amoblando co froito do seu traballo. Elena fora mercando aos poucos unha vaixela da que namorara ao pouco de chegar. Peza a peza, coas libras que ía poñendo á parte: á parte dos gastos, á parte do aforro.

En 1982, a parella emprendeu unha nova aventura. Instaláronse en Betanzos, onde abriron un dos restaurantes pioneiros en cociña italiana. Esa aventura converteuse nun negocio sólido. Supera xa os corenta anos e coñece unha nova xeración, herdeira dese espírito emigrante que fixo confluír en Inglaterra a vida dunha galega e un siciliano. Tamén a vaixela, completa, veu de alá, e coñecerá unha nova xeración, cando a herde Josephine, a filla de Elena. ♦





Yachesset Montevideo
Disegno tecnico commissionato
alla Ing. Anonimo, Ing. Anonimo e Ing. Anonimo
del Montevideo.
Modello per contratto
di Espingher.





© 2010 and 2011

Mary

Estadía en Aylesbury: 1963-1965

Como foi o caso de moitas outras mulleres galegas, Mary Gómez emigrou animada polas noticias favorables que lle chegaban de Inglaterra: alá había oportunidades de traballo, mellores salarios e unhas comodidades descoñecidas na Galicia da década dos 60 do pasado século XX. Para ela, ademais, confluía outra razón que xustificaba aquela aventura: Luís, o seu mozo, empezara o servizo militar. Así que Mary decidiu que, de ter que esperalo os dous anos que a mili duraba daquela, daba igual facelo en Betanzos ou na emigración.

Mary embarcou en Vigo no Montserrat en 1963. O seu destino foi un psiquiátrico, o St. John's Hospital, na pequena localidade de Stone, na estrada que comunica Aylesbury con Oxford. Alí descubriu que, efectivamente, o salario era tan prometedor como lle anunciaran: «Nun mes alá eu gañaba máis que meu pai en tres meses aquí». E non era só a retribución: Mary tivo a súa primeira bata, o seu primeiro televisor nun cuarto, calefacción central. Eran melloras que facían a vida máis agradable. Como tamén contribuía o



↑ Mary Gómez antes de embarcar, 1963.



→ Mary traballou no hospital psiquiátrico de St. John's, na pequena vila de Stone, entre Oxford e Aylesbury.



↑ Baile a bordo do Montserrat rumbo a Inglaterra, 1963



↓ Xogo de té
Royal Vale, mercado
en Marks & Spencer,
en 1965.



→ ↘ A emigración introduciu novidades nas vidas destas mulleres: en Inglaterra tiveron por primeira vez un televisor na residencia ou unha bata.



↑ O calendario festivo galego tamén estaba presente na emigración: os disfraces ou cociñar orelas mantiñan un vencello simbólico co país de orixe.



↑ Con outras compañeiras, moitas delas galegas, na residencia para limpadoras do hospital St. John's, onde traballaban.

feito de que a situación social e legal da muller en Inglaterra non tiña nada que ver coa da lexislación no franquismo.

Mary facía o traballo con gusto. Estaba contenta. E no grupo de mulleres emigrantes había unha relación de complicidade e alegría. Facían festas e bailes cando tocaba no calendario, celebraban o Entroido cociñando orellas, cultivaban tomates e pementos nun recanto do xardín hospitalario. Ademais de contenta, estaba cómoda. Por iso, cando Luís rematou a mili, Mary propúxolle que logo de casar se unise con ela na emigración británica.

«Eu alá non vou. É mellor que veñas ti», respondeulle.

E así, o seguinte billete do barco traía con el a data de caducidade da súa propia vida emigrante. Mary volveu a Betanzos. Casou, tivo catro fillos, traballou facendo pantalóns. É avoa. Na casa conserva as pezas do enxoval, como o xogo de té, que foi reunindo neses últimos meses en Inglaterra, e que, xunto coas fotografías, son a lembranza deses dous anos felices como emigrante: «Foron os mellores anos da miña vida». ♦



Antonia

Estadía no Reino Unido: 1945-1988

Casou co británico Thomas Kinrade en 1949.

José Luis

Estadía en Buckinghamshire e High Wycombe

Casou no Reino Unido con Nadine Halifax.

Fixo casa en Betanzos e actualmente vive entre un país e o outro.

Antonia Vicos Fagil foi unha pioneira na emigración galega a Europa. Mentres a maioría das saídas se produciron entre as décadas dos 50 e os 60, Antonia xa entrara ao servizo da embaixada uruguaia en Londres en 1945. De alí pasou a traballar para unha familia aristocrática, os Ednam: o lord ía casar con Stella Carcano, filla do embaixador arxentino en Londres, e Stella quería contratar preferiblemente persoal de Galicia.

Antonia actuou como un nó de comunicación entre as posibilidades que ofrecía a emigración británica e a súa familia betanceira. Pouco a pouco foron chegando outros parentes á mansión e casas dos Ednam. Para entón, Antonia xa cambiara de patróns: agora estaba ao servizo dos Astor, xa que casara con Thomas Kinrade, membro do servizo dos Astor.



➤ Antonia Vicos en 1948 e pasaporte británico da betanceira. ➔





↑ En Hatley Park Estate, Antonia coñece o seu marido, que traballaba nas cociñas do pazo. Xa casados, viven na mansión, ao servizo dos Astor.



↑ Antonia Vicos e Thomas Kinrade cos seus sobriños José Luis, Manolo e Carmen.



↑ Os catro irmáns Couceiro Vicos en Oxford Street, Londres, en 1964. José Luis é o segundo pola esquerda.

↓ Aparello AVOCET para control eléctrico de instalacións, mercado por José Luis para a súa empresa.





↑ En Hundridge Manor, o pazo de lord Ednam, na porta da mansión.



↑ José Luis aprende a lingua lendo a Agatha Christie en inglés e español. O ambiente aristocrático das novelas é o do seu primeiro emprego.

Un deses parentes foi José Luis Couceiro Vicos, quen, canda os seus irmáns, seguiu a súa tía Antonia nos camiños da emigración. Precedérao o seu irmán Manolo, en 1957. José Luis chegou en 1959, a bordo dun dos buques non da Compañía Trasatlántica, senón da Royal Mail ou Mala Real, como era coñecida aquí e así mesmo se anunciaba nos xornais. Mentres agardaba a chegada do barco en Vigo, un amigo da familia que traballaba nas dependencias portuarias preguntoulle ao mozo José Luis se xa tiña algún carto inglés. Como non era o caso, o amigo buscoulle unhas moedas, ou medias coroas, e púxolle a presa na man. O metal deixou unha fonda pegada no rapaz, quen tivo a impresión de que por peso e por solidez aquel era diñeiro dun país serio e próspero, por oposición ás liviás e febles pesetas e patacos que ata aquel momento pasaran polos seus dedos.

Home metódico e rigoroso, como demostra a minuciosa relación de gastos da súa partida, contabilizada ata a última peseta, José Luis non deixou pasar as oportunidades que lle ofreceu a emigración. Logo de traballar para os Ednam, en 1962 iniciou unha nova etapa como electricista. Fundou unha empresa de seu, dedicada ao alugueiro de maquinaria industrial, e tamén promoveu e construíu vivendas e naves industriais. E, ao contrario doutros emigrantes que prosperaron no material, preocupouse pola formación. Perfeccionou o seu inglés, aprendido coa lectura en paralelo das novelas de Agatha Christie na súa redacción orixinal e mais en español, ata acadar o nivel dun nativo, como o da súa dona, a británica Nadine Halifax. Implicouse nos colectivos e asociacións da emigración, investigou temas históricos, organizou xornadas e exposicións, e escribiu os seus propios libros, como o memorialístico *Betanceiros en el Reino Unido*. ♦



El "B"
Los trip
8 de novemb



egoña" está en

ulantes de marinería y m
no serán despedidos

ro de 1974 - La Voz de Galicia

Mia



Informational display table featuring a teddy bear, photographs, and text. The text includes the name 'Mia' and a QR code.

Mia

...

Manuel e María

Estadía en Erbistock Hall: 1962-1965

Estadía en Chester: 1965-1982

Tito

Estadía en Chester: 1968-1981

Fillo de Manuel Boo e María Añón.

Casa con Jean Anderson en 1975.

Pasa tempadas en Jersey e Guernsey.

En Chester, Tito e Jean teñen dous fillos:

Raquel, nacida en 1978, e Tomás, nacido en 1981.

O Reino Unido prohibía que a man de obra emigrante trouxese os fillos con eles: ás veces chegaban a ter que declarar que non procrearan aínda, mesmo se eses meniños quedaban ao coidado doutros familiares, polo xeral os seus avós. Foron moitos os fillos e fillas da emigración que só vían o pai e a nai cando volvían polo verán de vacacións, un breve período antes de que marchasen de novo.

En 1962 Manuel Boo e María Añón marchan de Curtis á mansión de Erbistock Hall, onde xa traballaban os seus cuñados, para exercer de mordomo



↑ María Añón e Manuel Boo, abaixo co seu uniforme de mordomo, en Erbistock Hall, 1962.

↓ Pousavazos do xogo de mesa co que lady Grania Lowther agasallou a María Añón.

↓ Erbistock Hall, Gales, onde estiveron Manuel e María e antes os seus cuñados.



↑ Deva Hospital, Chester, onde traballou María e logo os seus fillos María Jesús e Tito.



Manuel e María Tito



→ María Añón, segunda pola esquerda, facendo uniformes no Deva Hospital. Tamén traballou dous anos nunha fábrica de camisas.



→ A familia Boo-Añón no patio da casa en Chester.



→ Manuel Boo e María Añón na súa casa de Chester.



↓ Manuel e María na súa casa de Chester, en 1970. Na exposición mostrouse o vestido dela, confeccionado na máquina de coser da súa propiedade.



↓ Disco de The Beatles, mercado por Tito Boo en 1969, ao ano de chegar a Chester.



Manuel e María, Tito

→ Tito Boo e Jean Anderson en Chester, 1975.



↓ ↘ Admisión no College of Further Education de Tito Boo, en 1969, e o seu dicionario de inglés.

Admission No.	42751		Chester College of Further Education
NAME OF STUDENT	BOO ANON. Abel Modest		
	Day	Evening	
M			
T			
W			
Th	English for Overseas		
F			
S			

Diffante Registered Pat. 48615 Reg. D. 1910-707-60
listing Trade Mark Alfred Cobart & Sons

→ Teteira Swan Empire, mercada por Manuel e María, herdada pola neta Raquel.



→ Raquel, a filla de Tito e Jean, co seu can andador, Rufus.



e cociñeira, respectivamente. Esta emigración deixa en Curtis a tres fillos: María Jesús, Manuel Ramón e Abel Modesto, máis coñecido como Tito.

Dos tres, o primeiro en seguir os pais é Manuel Ramón, a tempo de ver o Mundial de Inglaterra de 1966. No ano 1968 son María Jesús e Tito os que emigran tamén, aproveitando unha viaxe do pai por vacacións. Saen da Coruña no Montserrat. Tito, que era un adolescente, ten gravado na memoria como o barco se afasta do peirao. «A xente que estaba despedindo os seus parentes cada vez parecía máis pequena, mentres que a cidade cada vez era máis grande». Pasan o castelo de Santo Antón, abandonan a ría e entran no mar que os levará a Southampton.

Tito completa a súa educación nunha escola da cidade de Chester, onde vive a familia, á que axuda nos seus traballos: no *fish and chips* onde está o seu irmán Manuel Ramón, na repartición de comidas do inmenso hospital psiquiátrico que tamén emprega á súa nai, no departamento de costura, cosendo uniformes para o persoal sanitario.

Axiña Tito voa en solitario. Marcha ás illas de Jersey e Guernsey, onde traballa de camareiro. De volta en Chester, emprégase nunha fábrica de plásticos e logo na limpeza do psiquiátrico, onde tamén é enlace sindical. Máis tarde fórmase como fontaneiro, o oficio que desempeñará cando volva a Curtis en 1981, coa súa muller, Jean Anderson, e cos fillos, Raquel e Tomás.


De volta en Galicia manteñen moitos costumes británicos, algo que se dá entre non poucos emigrantes retornados, especialmente aqueles que formaron matrimonio con alguén do país. Mentres alá igual facían un cocido no inverno, aquí preparaban un *Sunday roast*, un asado de domingo, co que xuntarse arredor da mesa ◊

Other Education Authority		Receipt No.		Date of Expiration		Receipt No.
AMOUNT RECEIVED	Rec'd By	Date Received D. M. Y.	Month	Year		
5						
2	Abel	3 10 68	6	68	4275	

The person named above is entitled to enrolment in the classes/course indicated, until the date of expiration given above.

This Authority Cannot Be Transferred
It Must Be Shown To The Teacher before Admission
Please Retain It Carefully

Students may attend classes only on the days and for the periods shown. This authority must be renewed immediately after the date of expiration given above.



↑ Carné do sindicato de Tito Boo, que exerceu de enlace sindical no Deva Hospital.



Pilar e Bernardo

Estadía en Londres: 1963-1967

Como aconteceu coa emigración americana, na europea o efecto chamada tamén desempeñou un papel importante. Había quen se aventuraba primeiro e logo ía buscando traballos e acomodados a familia, veciñanza e amizades, a quen tamén axudaba a integrarse no seu novo país.

Esta rede de colaboración e solidariedade propiciou tamén que na emigración habitantes de determinadas zonas de Galicia se reagrupasen en destinos concretos. A Inglaterra viaxaron non poucas persoas de dúas comarcas, As Mariñas coruñesas e mais Ortegal.

Pilar Arcos e Bernardo Pérez seguramente non irían do seu Cariño natal a Londres de non ser porque houbo quen os precedeu, como a tía Joaquina, na xeración anterior. Ese primeiro contacto foi clave para tomar a decisión, xestionar os trámites, establecerse na sociedade de acollida e tecer uns apoios e afectos que eran imprescindibles para a vida cotiá.



↑ Sarabia e Soraya, dous restaurantes da familia xudía para a que traballan Pilar e Bernardo.

↓ Mentres Bernardo segue a traballar nos restaurantes, Pilar pasa a coidar dos fillos dos donos.



↑ Pilar e Bernardo diante da casa onde teñen o seu apartamento.

↓ Cando se xuntaban na casa cos amigos, Pilar gravábase cantando, medio en inglés, medio en galego, todo eran risas. Foi das súas máis prezadas compras alá: Sanyo *tape recorder* MR-110, ca. 1965.



Pilar e Bernardo

↓ Bernardo e Pilar
en Piccadilly,
no centro de Londres.



↓ Os emigrados de Cariño xúntanse os domingos no parque para xantar.



↓ Cos seus cuñados, Joaquina e Jacobo. Abaixo, compartindo con eles un cocido no seu apartamento.



Pilar e Bernardo aterraron no corazón de Londres, o barrio de South Kensington, onde vivía a familia Sasha que os empregou. Rexentaban restaurantes de nomes exóticos: Soraya, Tamarisk ou Sarabia eran algúns deles. Tamén celebraban festas na casa, e tanto anfitrións como convidados deixaban as crianzas ao coidado daquel agarimoso e profesional matrimonio galego.

Tamén os emigrados facían as súas festas, posiblemente máis modestas en medios e *glamour*, pero dunha fonda capacidade sentimental. Celebraban aqueles fitos do calendario que a emigración os collía fóra: o Nadal, o Entroido, a ocasión de xuntarse arredor dun cocido. Había risas e cantigas, algunhas delas rexistradas nun magnetófono, un deses aparellos novidosos que se podían adquirir con relativa facilidade en Inglaterra. Para Bernardo, non había festa que lle tocase máis que a da Virxe do Carme. A un milleiro de quilómetros, en Kensington, revívía coa ollada posta no reloxo a homenaxe mariñeira paso por paso. «Agora estarán na misa. Agora estarán saíndo da igrexa. Agora saen os barcos en procesión».

Bernardo e Pilar tiveron que vivir a distancia a festa do Carme entre 1963 e 1967. Cando coincidiu que a morriña trababa de máis e que tiñan os cartos suficientes, un capital construído sobre a primeira libra que gañou Pilar, conservada como recordatorio e talismán, encargaron os planos dunha casa e volveron a Cariño. E entón a morriña pasou a ser inversa: as xuntanzas dos emigrantes, as festas luxosas dos Sasha... ♦



MIA

El "Begoña" está en venta

Los apliques de marinería y máquinas,
las orlas despididas



Contra la moda de la época, Mia
trabaja para su familia en la fábrica de
textiles de la zona de la Catedral de
León.

Estadía en Reino Unido 1953-actualidad.

Tras la Segunda Guerra Mundial, en 1944, Mia fue enviada a Inglaterra con su familia. En 1953, tras la muerte de su padre, queda con su familia en la zona de la Catedral de León. Mia se muda con su familia a la zona de la Catedral de León. En 1953, tras la muerte de su padre, queda con su familia en la zona de la Catedral de León. Mia se muda con su familia a la zona de la Catedral de León.

Una colección de fotografías y documentos que muestran la vida de Mia y su familia en Reino Unido. Incluye una foto de Mia con su familia, una foto de Mia en un momento de su vida adulta, y una foto de Mia con su familia en un momento de su vida adulta.

Mia y su familia en Reino Unido. Una colección de fotografías y documentos que muestran la vida de Mia y su familia en Reino Unido. Incluye una foto de Mia con su familia, una foto de Mia en un momento de su vida adulta, y una foto de Mia con su familia en un momento de su vida adulta.

Mía

Estadía no Reino Unido: 1963 - actualidade

O tránsito migratorio revélase e deixa pegada de moitas formas. Está a viaxe física, a adaptación a un novo país, a aprendizaxe doutra lingua e outros costumes. Tamén é unha viaxe mental, dunha capacidade transformadora como poucas na vida. Ás veces pode chegar a ser unha reinvención. E hai un xesto que simboliza esa dualidade: un nome novo.

María José Rodríguez Salgado, ou Mía, ten eses dous nomes. Dous nomes que simbolizan a súa procedencia galega, dunha casa humilde na Coruña, e tamén a nova vida na emigración. A primeira en marchar foi a nai, Josefa, quen saíría para Inglaterra un 5 de xaneiro, véspera de Reis, de 1961. O seu home, Ramón, que era chofer no porto, viaxaría en xullo dese mesmo ano. A pequena María e o seu irmán quedan ao coidado dunha tía e logo, internos nun colexio relixioso.

En sucesivos veráns Josefa e Ramón volven de vacacións. Entre os agasallos para a filla, unha boneca de gran tamaño que tamén ten un nome: Rosebud, é dicir, gromo de rosa. Non sabemos se deste xeito os fabricantes pensaban que estarían sementando lembranzas futuras da infancia, como



↑ A infancia na Coruña: en Riazor, no Peruleiro co seu irmán e na Mariña, cos seus tíos, curmáns e a súa boneca Rosebud.

↓ No Peruleiro coas bonecas que chegaban do Reino Unido. A súa preferida era Rosebud, diante de todas.



→ Como todas as crianzas do Reino Unido, María José recibiu o osiño Teddy cando se trasladou a Inglaterra para vivir cos seus pais, deixando O Peruleiro da Coruña.



↑ Fina e Ramón emigran cando nacen os seus fillos, que quedan ao coidado dunha tía e estudan internos ata os dez anos.



↑ Con dez anos, María José pasa a vivir cos pais e estuda nun colexio católico do sur de Londres.




↑ Cando os seus pais piden a cidadanía británica, a rapaciña María José agacha o seu pasaporte e este libro de familia, negándose a entregalos ás autoridades do Reino Unido, como era obrigado.

→ Mía deu clase na London School of Economics, onde foi catedrática. Na actualidade, é membro asociada á Facultade de Historia da Universidade de Oxford.



Ile acontece ao protagonista do *Cidadán Kane* de Orson Welles.

Nunha desas viaxes a pequena tamén viaxa a Inglaterra. Os primeiros meses queda na casa e non acode á escola, ata que as institucións educativas toman cartas no asunto e entón matricúlana nun colexio católico, Saint Paul's, en Haywards Heath, a localidade onde viven. De non saber practicamente inglés, María José, ou Mía, emprende unha fecunda carreira académica. Remata o ensino obrigatorio. Licénciase en Historia na Universidade de Durham e prosegue cun doutoramento en Hull.



↑ ↗ En 1988, Mía foi comisaria da exposición dos 400 anos da Armada Invencible. Á dereita, a comisaria co entón príncipe de Gales.



↑ ↗ Mía foi condecorada coa Orde de Isabel a Católica e laureada pola Mariña española polas súas achegas en historia.

Foi catedrática de Historia Internacional na London School of Economics, á que continúa vinculada como catedrática emérita. As relacións históricas, políticas e diplomáticas entre Inglaterra e España son a súa especialidade, con publicacións e exposicións. Foi recoñecida con condecoracións polo Estado español, pero para os pais, o logro foi vela nas noticias en *La Voz de Galicia*: esa era, para eles, a medida do éxito. ♦

Antonio e María

Estadía en Inglaterra: 1964-1975

Cando rematou o bacharelato en Vigo, Antonio Lois decidiu emigrar a Inglaterra con dous obxectivos: gañar algún diñeiro e aprender inglés. A idea era que ambas as cousas, uns aforros e uns coñecementos do idioma estranxeiro, o axudarían a seguir formándose e atopar un bo emprego. E tiña o porto e os barcos que o levarían alá xusto diante da casa.

Antonio foi pasando por todo tipo de empregos domésticos, aos que a lexislación confinaba aos emigrantes. O seu primeiro contrato asinouullo en 1964 a Escola de Aeronáutica de Cranfield, creada sobre un aeródromo das forzas aéreas británicas e que dende 1969 ten rango de institución universitaria.

Espírito inqueda, Antonio percorreu o Reino Unido na compañía de amigos emigrantes coma el. Foron coñecendo o país en diversas etapas aquí e acolá, onde o traballo os fose levando. Como fora o seu obxectivo, foi adquirindo experiencia e o idioma. Nun destes


↘ Primeiro pasaporte co que Antonio viaxa ao Reino Unido en 1964.



↓ Na cuberta do barco que o leva de Vigo a Southampton con outras persoas compañeiras da emigración.



↘ Para matar a saudade, Antonio mercou unha bandeirola do Celta e levouna canda el a Londres.



← O primeiro contrato de Antonio, como doméstico na Escola de Aeronáutica, un contrato que podía extinguirse verbalmente en calquera momento.

Antonio e María

→ O principal emprego de Antonio en Londres foi nun banco. Serie de 9 moedas británicas da raíña Isabel II, batidas en 1965.



→ Antonio e a súa muller, María, participaron nas actividades do Centro Galego de Londres. Nesta fotografía, Antonio recibe un diploma de homenaxe.



empregos, para o supermercado e distribución de produtos españois García and Sons de Londres, coñeceu un empregado do Banco de Bilbao, quen lle propuxo facer as probas para incorporarse á entidade. Antonio respondeulle que el non tiña estudos económicos ou mercantís. «Pero es espelido e sabes ben o idioma. Preséntate ás probas, que non has ter problema».


E así foi. Antonio entrou a traballar no Banco de Bilbao na City, o corazón financeiro de Londres. Casou con María Luisa Amor. Tiveron fillos. Formaron parte da colectividade galega de Londres a través do Centro Galego, do que tiñan, respectivamente, os carnés número seis e cinco. Entrementres, Antonio, como lle vaticinara o contable de García and Sons, ascendía no banco grazas ao idioma e o seu bo facer. Non só resolvía as cuestións económicas da clientela, senón que a súa xenerosidade o levaba a axudalos. Como a clienta que chamou dende Bilbao, preocupada porque lle xirara cartos a un parente mozo que levaba días sen ir recollelos. Cando, de casualidade, se presentou ese mesmo día, Antonio foi falar con el e díxolle que chamase á casa, que estaban preocupados. Co tempo, soubo que aquela muller era Pilar Careaga, alcaldesa de Bilbao e primeira muller alcaldesa na España daquel tempo de ditadura.

Cos fillos aínda pequenos, Antonio e María pensaron no retorno na década dos 80. Antonio chamou á delegación do seu banco en Vigo: terían un sitio para el? «Coa túa experiencia e o inglés que sabes, mañá mesmo». Instalado de volta na cidade, todo o comercio internacional, aquel que requiría xestións en inglés, pasou polas súas mans. E todo empezara cun contrato de catro libras semanais nas cociñas do colexio de aeronáutica... ♦



← Carnés de socios do Centro Galego de Londres de Antonio Lois Vázquez e María Luisa Amor.








Andrés e Amelia

Estadía en Buckinghamshire e na illa de Wight: 1960-1975

Andrés marchou a Inglaterra no ronsel doutros betanceiros que xa se estableceran alá. Chegou en 1960 e traballou como xardineiro na mansión de lord Ednam, Hundridge Manor, no condado de Buckinghamshire. Nunhas vacacións, dous anos máis tarde, xa non regresou só, senón que o acompañou a muller, Amelia Brea. De ser por eles, non viaxarían unicamente como matrimonio, senón que levarían canda eles a súa meniña, Aurita.

Porén, igual que por lei os emigrantes só podían exercer traballo doméstico nos seus primeiros catro anos no Reino Unido, tampouco podían levar a menores de 15 anos. Por iso nos pasaportes verdes do réxime franquista, os mesmos que os facultaban para viaxar a calquera Estado do mundo, agás «Rusia e países satélites», deixaban en branco a lista de fillos, aínda que os tivesen.

Aínda máis: a Andrés e Amelia dixéronlles que debían amosar na fronteira unha declaración de que o





↓ Tocadiscos Stella, fabricado por Phillips nos Países Baixos en 1963, e disco de The Beatles mercados por Andrés Picado e Amelia Brea en Chesham, en 1964.

↑ Nas primeiras vacacións, Andrés e Amelia trouxeron unha cámara para fotografar a súa filla. Ao cabo, a separación puido máis e deron por rematada a emigración para estar con ela en Galicia.

Date of Issue: 13 SEP 1960
 Place of Issue: ARO, Metro
 Name (Surname first in BLOCK CAPITALS): PICARDO
 Andres
 Nationality: Spanish
 Born on: 20. 3. 1935 in: Betanzos, La Coruna
 Passport or other papers as to Nationality and Identity: Spanish passport 5.276/60 issued La Coruna 18.8.60
 Marital Status: Married

Date of Issue: 29th June 1962
 Place of Issue: Chesham, Bucks
 Name (Surname first in BLOCK CAPITALS): BREA-CORTES
 Amelia Picado
 Nationality: Spanish
 Born on: 15/9/1939 in: Paderna
 Passport or other papers as to Nationality and Identity: Spanish Passport 2/371600 issued on 5/6/1962
 Marital Status: Married
 National Insurance No: YK253324D

↖ ↗ Permisos de traballo de Andrés e Amelia. El chega en 1960, ela dous anos máis tarde.



Adrés e Amelia



← Hundridge Manor, primeiro destino da parella.

↓ Andrés lendo unha carta de Galicia, nun descanso do seu traballo de xardineiro en Hundridge Manor.



→ Amelia Brea no seu cuarto, cunha perna vendada.



TELEPHONE ~~3412~~
 CHESHAM 3412 SUNDAY'S ALL DAY
 CHESHAM

A.P. CASTRO
 AVENUE HOUSE
 4 BELLINGDON RD.
 CHESHAM -BUCKS

TO THE

DEAR SIR MADAM : MY NAME IS
 ANDRÉS P. CASTRO AND MY WIFE IS AMELIA. WE
 WRITE TO YOU ~~ON~~ THIS LETTER BECAUSE WE LIKE
 GOING TO WORK AT YOU HOTEL FOR THE NEXT SEA-
 SON IF YOU ARE INTEREST PLEASE ANSWER THIS LETTER
 WE ARE SPANISH AND BEEN IN THIS COUNTRY FOR FIVE
 YEARS ^{AND} THIRTY YEARS OF AGE AND MY WIFE
 TWENTY FIVE WE SPEAK QUITE GOOD IN GLESH AND
 WE LIKE TO WORK AS A WAITER AND CHAMBER-
 MAID I HOPE YOU UNDERSTAND THIS LETTER
 AND PLEASE ANSWER AS SOON IS POSSIBLY
 AND TELL US ALL THE DETAILS SUCH AS WAGES
 YOURS FAITHFULLY

TELEPHONE - CHESHAM 3412
 SUNDAY'S ALL DAY.

e/P. Castro
 W

LICENSED

Ocean View Hotel
 RESIDENT PROPERTIES LTD. (INCORPORATED IN ENGLAND)

RECEPTION SHANKLIN 2808

ESPLANADE SHANKLIN I.D.M.

VISITORS SHANKLIN 2811

3rd Jan. 1966.

Mr. A.P. Castro,
 Avenue House,
 4 Bellingdon Rd.,
 Chesham.

Dear Mr. Castro,

In answer to your letter received this morning,
 I can offer you and your wife jobs at the Ocean View, as
 waiter and chambermaid.
 You will have your own bedroom, with hot and cold water etc. and
 the wages are £6.10. 0/ for the waiter and £6 the chambermaid.
 The Hotel has no service charge, so the tips are very good, and
 you both keep all your tips.
 I shall be needing you at the beginning of May, should you decide
 to come.

Yours faithfully,


ALL OFFERS SUBJECT TO ACCOMMODATION BEING AVAILABLE ON RECEIPT OF YOUR REPLY

↑ Carta manuscrita de Andrés Picado solicitando traballo e contestación do Ocean View Hotel da illa de Wight.

matrimonio non concibira descendencia. Dirixíronse ao párroco, quen declinou a petición: el mesmo bautizara a filla. Pero ofreceulles unha pista: «Ide a outra parroquia e o crego faravos un certificado de que nos seus libros non hai ningunha filla vosa inscrita. E con iso xa vos vale». Ao baixar do barco en Southampton o papeliño eclesiástico cumpriu coa súa función na burocracia migratoria. Pero a Amelia sometérona a un exame médico. Ante o persoal médico e a súa ollada experta, era evidente que o seu corpo delataba a súa condición de nai. «Eu vía como me miraban e falaban de min, pero non entendía o que dicían. Por un minuto tiven medo de que nos fixesen dar a volta». Entraron.

Traballaron nun hotel na illa de Wight. Aforraron, como bos emigrantes, pero tamén mercaron un tocadiscos e discos dese grupo que o revolucionara todo, The Beatles. E agasallos para levarlles á familia e á filla cando volvían no Montserrat de vacacións. A ela, a Aurita, quedoulle a cámara que tamén mercaran para retratala nos veráns galegos e combater a dor da separación e a morriña xa de regreso a Inglaterra. Mesmo así, as fotos, os agasallos, as vacacións, non eran substituto para o agarimo diario dun pai e unha nai. E en 1967, sete anos despois da emigración de Andrés, cinco da de Amelia, regresaron definitivamente a Galicia e viviron xuntos como filla, nai e pai. Andrés e Amelia xa non volverían máis ao Reino Unido. ♦

Montse e Manolo

Estadía de Montse en Londres: 1962-1966

Estadía en Norfolk da parella: 1966-1969

Estadía en Londres da parella: 1969-1972

Como foi o caso doutras mulleres, Montserrat Rodríguez emigrou soa ao Reino Unido. En realidade, era a súa segunda emigración, pois deixara os pais nas terras do Deza para traballar na Coruña. Dende alí emigrou de novo, desta vez a Londres. Cando chegou á estación Victoria, á que arribaron tantos galegos na capital británica, debía levar un caravel na lapela da chaqueta para que a identificase o persoal da axencia que lles tramitara o contrato de traballo e o permiso de residencia. Era 1962.

En Londres Montse axiña se afixo á súa nova vida, da que daba conta na casa co envío de cartos, cartas e fotografías. Como a que tomou ao pé da famosa fonte na non menos famosa praza de Piccadilly, como lle explicou á nai nunha mensaxe escrita no reverso do retrato, que tiña ademais outro obxectivo: que a nai lle vise o ben que lle quedaban os pantalóns.

Seguindo un patrón bastante establecido, Montse regresou a Galicia

→ Montserrat Rodríguez chega ao Reino Unido aínda solteira, en 1962, e Manuel Hermida chega xa casado con Montse en 1966.



Consul Español
S H A N S
GRESENT S.W.I.

↑ Apuntamento de Montse co
endereço do consulado español.



↓ Xogo de servizo de
té e café da prestixiosa
Old Hall, compañía
británica especializada
en aceiro inoxidable,
mercado en Londres
en 1970 pola parella.



Montse e Manolo



↑ → O primeiro traballo da parella é no servizo doméstico da mansión Great Witchingham, en Norfolk, sede da Bernard Matthews Ltd. Os fillos dos Matthews están ao seu coidado. Foto enviada pola parella á nai de Montse o 9 de febreiro de 1967. Ao carón, pormenor da fiestra do cuarto da parella, remarcada.



→ Folleto promocional da Bernard Matthews, conservado por Montse e Manolo. Na empresa crían na actualidade sete millóns de pavos ao ano.

Bernard Matthews has been general agent for imported turkey legs since 1954 and has made a name for himself in the trade.

Great Witchingham Hall, the seat of the Bernard Matthews family, has a long history of turkey raising and is the traditional home of the English turkey. Bernard Matthews has inherited this tradition and has developed a unique system of breeding stock which were more efficient and economic than any known previously, and to produce consistently turkeys of the highest quality. In both these aims he has been outstandingly successful.

Because Bernard Matthews has developed his breeding programme and his processing capacity side by side, he can offer his customers a complete service. He can offer his customers a complete service in all aspects of turkey production. It is this balanced equipment of both the breeding and processing sides of his business that has led Bernard Matthews to his present position of Europe's leading turkey producer.

Every stage in the breeding and processing of the birds is part of one integral procedure. Each individual part is related to the whole. Bernard Matthews are leaders not only in the business of breeding the poults but also in processing and marketing the over-ready birds. This chart shows the outline of the flow of progress at Bernard Matthews.

Breeding
The eggs laid by pedigree birds are incubated and hatched separately. A mixed flock of the summer or egg-laying birds is used in the summer, and the best birds of the flock are selected for the next season. This flock is subsequently grown and sold to the best birds of the flock as selected as future breeding stock.

Incubating
The incubation of the eggs is carried out in a special incubator. The eggs are placed in the incubator and the temperature and humidity are controlled to ensure the best possible conditions for the development of the poults.

Chicks
The chicks are hatched in a special hatching house. The poults are then reared in a special rearing house. The poults are reared on a special diet and are given special attention to ensure they are healthy and strong.

Processing
The poults are processed in a special processing plant. The poults are first weighed and then are processed. The poults are then packed and ready for sale.

Marketing
The poults are marketed through a special marketing system. The poults are sold to a special agent who then sells them to the public. The poults are sold in a special way to ensure they are fresh and of the highest quality.

↓ Cartóns de visita: axencia de colocación, salón de peiteado e taller de arquitectura onde traballou Montse. Ao deixar o país para volver a Galicia, recibiu en Gotch and Partners o presente deste xoieiro o de porcelana inglesa.



para casar con Manuel Hermida, antes de emigrar de novo. Desta vez foron a París, pero, logo duns meses nos que el non daba atopado traballo, cruzaron a canle da Mancha e regresaron a terra británica. Establecéronse no condado de Norfolk, preto da histórica cidade de Norwich. Alí fixéronse cargo da casa Witchingham Hall, o fogar de Bernard Matthews, un empresario que se dedicaba á cría e comercialización de pavos. Coidaban dos seus tres fillos, que querían o matrimonio galego como se fosen os seus pais. Manuel ocupábase do xardín e do mantemento da propiedade, mentres que Montse cociñaba: os pavos eran habituais no menú, por suposto, pero tamén *roast beef*, faisáns, pato á laranxa ou salmón, receitas que Montse aprendeu a dominar con mestría.

Nas vacacións, os señores voaban a Cannes, mentres que Montse e Manolo os seguían por estrada, conducindo o Bentley do empresario, para que puidese dispor del tamén na Costa Azul francesa. Cando viaxaban a Xamaica, por exemplo, nunca deixaban de mandarlles postais, igual que sempre chegou puntual a felicitación de Nadal unha vez regresaron a Galicia.

Cando deixaron aos Matthews, traballaron uns anos en Londres. Limparon oficinas de arquitectos famosos, salóns de peiteados aos que acudía a Raíña Nai, hoteis e colexios. Era un ritmo esgotador. Así que, cando aforraron o necesario para un piso na Coruña, regresaron e instaláronse coas súas pertenzas e as súas lembranzas. E, durante moitos anos, seguiron chegándolles postais e cartas dende Inglaterra. ♦

Lourdes e Manolo

Estadía en Londres de Lourdes: 1964-1966

Estadía en Londres e Eastbourne

de Lourdes e Manolo: 1966-1977

En 1971 nace en Esatbourne o seu fillo Esteban.

Lourdes Seijo tamén pertence a ese grupo de mulleres que, na mocidade e solteiras, emigraron pola súa conta ao descoñecido. Todo era novo para elas: a paisaxe, o idioma, a comida... Tamén a roupa. A Lourdes recomendáronlle que fixese a viaxe en pantalóns, que sería moito máis cómodo. Como naquel tempo, a mediados da década dos 60, as mulleres non ían ás tendas mercar pantalóns, fixollo unha modista, con prácticos petos e unha cómoda goma elástica na cintura. O día que saíu da casa, na parroquia betanceira de Piadela, para coller o taxi topou cunha curmá que a viu na rúa. Ollouna de arriba abaixo e detívose nos pantalóns. E comentou que aínda nin saíra da aldea e xa vestía como unha perdida.

Pero Lourdes nin era unha perdida nin perdeu o tempo. Superou longas viaxes en tren e nos barcos da Trasatlántica, onde todos ían mareados

↓ Lourdes no momento de marchar, 1964.



↑ Manolo durante o servizo militar.

↓ A familia de Manolo rexentaba un negocio de xeados que el vendía cun carriño nas rúas de Betanzos.



↓ Durante a travesía facíanse fotos se había unha cámara á man, ben na pasaxe, ben dun mariñeiro que gañaba uns cartos.



↓ «Osito» é este boneco que Lourdes e Manolo mercaron en Inglaterra cando naceu o seu fillo Esteban.



Lourdes e Manolo



← Ovo de Pascua
(Easter egg),
pintado á man, 1974.

→ Como moitas mulleres galegas, Lourdes viaxou primeiro en solitario, antes de incorporar o home á emigración a Inglaterra.

→ Lourdes e Manolo, ante o restaurante de Eastbourne no que traballaron.



↗ → No restaurante traballaron nun ambiente de camaradería e bo humor á conta da baixa estatura de Manolo. Mentres el atende na cociña, Lourdes serve na sala.



↓ En 1972 nace o único fillo do matrimonio, Esteban, quen ata os catro anos levará a vida dun meniño inglés, gardería e xoguetes incluídos.



↑ Esteban no seu berce con «Osito», 1973.

polas ondas. Aquel movementos que tanto medo daba xa empezaba nas chalupas que, por culpa do mal estado do mar, levaban a pasaxe emigrante do porto ao Begoña ou ao Montserrat. Lourdes lembra que un dos compañeiros a bordo levaba unhas botellas de augardente e que, co meneo, lles saltaron os tapóns. O cheiro só agravou o mareo dos que naquel intre preferirían a seguridade da terra firme.

A experiencia resultoulle satisfactoria. Emigrara solteira, e fíxoo tamén casada. Ao contrario do que pasaba tantas veces na emigración americana, na que marchaban os homes e logo, se se daba o caso, reclamaban ás mulleres que se reunisen con eles alá, na emigración europea foron moitas as mulleres que abriron elas soas o camiño, un camiño que logo seguirían os homes. Despois duns anos en Inglaterra, Lourdes regresou casada con Manolo, dunha familia ourensá instalada en Betanzos. Manolo percorría as rúas betanceiras cunha bicicleta provista dun carriño dos xeados da empresa familiar, Helados La Palma.

En Eastbourne, traballou nun restaurante, igual que Lourdes. En 1972 naceu o seu fillo Esteban, criado cos xoguetes dun meniño inglés, osiño de peluche incluído. Cando fixo os catro anos e xa ía á gardería, os pais decidiron que era mellor volver. Cos cartos aforrados, abriron un bar e ultramarinos en Betanzos, O Cruceiro, que rexentaron ata a xubilación. Pensaron que era mellor volver daquela, antes de que o fillo empezase o colexio. Esteban trouxo con el o osiño, ao que durante moitos anos non lle puxo nome, cousa que fixo agora: bautizouno como Willy, como seica se chamaba o seu amigo nos xa case esquecidos días da gardería en Inglaterra. ♦



↑ Baúl co que Lourdes e Manolo retornaron do Reino Unido en 1977.



Índice

Presentacións	9
Introdución	19
O Montserrat e o Begoña	24
Rubine	44
Carlos	48
Tomás	52
Isabel	64
Elena	70
Mary	76
Antonia, José Luis	82
Manuel e María, Tito	88
Pilar e Bernardo	96
Mía	102
Antonio e María	106
Andrés e Amelia	112
Montse e Manolo	116
Lourdes e Manolo	120

